

CONCELLO
DE VIGO



P
R
O
G
R
A
M
A
C
I
Ó
N

2º TRIMESTRE
2018
(ABRIL - MAIO - XUÑO)

MUSEO LISTE
ETNOGRÁFICO DE VIGO
E
C.A.T.



MUSEO LISTE – ETNOGRÁFICO DE VIGO

EXPOSICIÓN PERMANENTE

Percorrido por diversas salas temáticas:

Simbología dos oficios

Os tecidos

O peche

A madeira escavada

A luz

A arte de curar

A materialidade da fe

O centeo



A rotulación dos contidos permite a realización de percorridos autónomos.

VISITAS GUIADAS: para grupos previa solicitude. Para o público en xeral, os percorridos guiados realizaranse os sábados ás 11:30 h.

EXPOSICIÓN TEMPORAIS

APEIRARTE: LICENZA PARA CREAR

Exposición xurdida da simbiose entre etnografía e arte. Pretende contemplar as pezas etnográficas dende una perspectiva estética. A arte sérvese da etnografía para materializarse partindo dun obxecto de uso práctico. Cada creación é reflexo da comunicación entre o obxecto e o artista, adquirindo, tras a súa análise, novos

significados que se atopaban latentes nel: harmonía das súas liñas e volumes, equilibrio das súas formas, rareza no

emprego do material, etc., ademais de todas aquelas cada un pode descubrir outras persoais, novas, que xorden ao observar lentamente o obxecto, permitindo o diálogo entrambos.

Comisariado da exposición: D^a Araceli M. Liste Fernández. Profesora titular da Universidade. Departamento de Debuxo da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Lugar: Sala de Exposicións Temporais.

Datas: do 25 de abril ata o 31 de decembro.



Entrada gratuíta

ACTIVIDADES CÍCLICAS

MAIOS: OS ARCOS DE FLORES.

A confección de “arcos de flores” con vexetais e fitas de cores, formou parte dun ritual con escenas que poderían aludir á transición do inverno á primavera.

A actividade contará con:



Importante: esta actividade realizarase sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan xa que se trata dunha actividade ao aire libre.

O sábado, 5 de maio, ás 12:30 h da mañá celebraremos o “Maio en familia” para todos os visitantes que desexen participar sen necesidade de solicitude previa.

- Parte teórica: introdución á festa dos Maios (orixe, evolución, variantes, ...)

- Parte práctica: obradoiro de confección de Maios e arcos de flores.

Lugar: xardín circundante ao Museo.

Datas: do 2 ao 5 de maio.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: grupos de Educación Infantil e Primaria previa solicitude.

Soporte didáctico: diversos materiais didácticos.

Prezo: 1 euro por participante.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

MAXIA E MENCIAÑA NAS ÁRBORES

Moitas son ás árbores que amais de provernos de materiais para a fabricación de apeiros e para a construción, atesouran outras cualidades vencelladas coa curación e coa maxia.

Lugar: sala da madeira escavada.

Datas: durante todo o ano.

Duración: inserta no percorrido habitual polo Museo.

Dirixido a: todos os públicos.



**Estas actividades
están pensadas
para ser incluídas
nos percorridos
guiados para
grupos**

A MADEIRA

A importancia e versatilidade da madeira obrigan a coñecer aspectos relevantes como tipos e uso que dela fai o ser humano.

Lugar: Sala da Madeira Escavada.

Datas: durante todo o ano.

Duración: inserta no percorrido habitual polo Museo.

Dirixido a: grupos de nenos/as de E. Infantil e Primaria.

TALLERES DE COÑECEMENTO

INSTRUMENTOS HUMILDES

Coñecemento dos múltiples recursos susceptibles de orixinar sons musicais.

Obradoiro teórico - práctico no que se aborda:

- Clasificación dos instrumentos.
- Breve historia dos instrumentos.
- Variedade nos modos de tocar cada instrumento.
- Variedade nos ritmos (alalá, muiñeira, alborada, ...)
- Distintos momentos de uso (festas, foliadas, comparsas...)
- Mostras do cancionero popular (coplas, nanas...)
- Achegamento aos instrumentos doutras culturas.

O discurso do monitor leva a agrupar os instrumentos en:

- Obxectos construídos co fin de tocar.
- Obxectos de uso cotiá utilizados como instrumentos.
- Xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos.

Lugar: Salas do Museo ou xardín circundante.

Datas: todo o ano.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: grupos de todas as idades previa solicitude (máximo 50)

Soporte didáctico: instrumentos e monitor guía.

Monitor: Erica Iglesias Neira.

**Prezo do taller:
40 euros/grupo**



ACTIVIDADES ESPECIAIS

ONDE ESTÁN AS CHAVES?

Visitamos o Museo dun xeito distinto, xunguindo coñecemento e diversión. Os aspectos mais destacables e as pezas senlleiras serán o fío condutor ata o obxectivo final usando capacidades dedutivas, memoria e habilidades.

Datas: durante todo o ano.

Duración: 90 minutos.

Dirixido a: grupos de Primaria e de 1º e 2º de E.S.O.

***Prezo:* 1 euro por participante.**

UN CADÁVER NO ARMARIO

A modo de “*escape room*” os participantes deberán descubrir o misterio do asasinato de *Bieito Pichel*.

Datas: durante todo o ano.

Duración: 90 minutos.

Dirixido a: grupos de 3º e 4º de E.S.O. e Bacharelato

***Prezo:* 1 euro por participante.**


ENCAIXANDO ANACOS

Forma lúdica de coñecer o Museo cos quebracabezas cuxas pezas atoparemos ao longo da visita.

Datas: durante todo o ano.

Duración: 60 minutos.

Dirixido a: grupos de E. Infantil.



En todas as actividades grupais é necesaria solicitude previa

XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN

OBXECTOS Estraños á Intemperie: Os Oficios e os Sentimentos da Arte

Charla que aborda a relación entre etnografía e arte. Este vínculo é o tema a tratar este ano en diversas actividades xurdidas arredor da exposición temporal “Apeirarte: licenza para crear” que se inaugurarán a finais do mes de abril na Sala de Exposición Temporais. O poñente, Juan Fernando de Laiglesia, comparará experimentalmente cos asistentes a relación entre as cualidades formais e os significados funcionais ou simbólicos.

Poñente: Juan Fernando de Laiglesia. Catedrático Emérito de Universidade. Departamento de Escultura. Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Lugar: Sala da Madeira Escavada.

Data: mércores, 16 de maio ás 18:00 h.

Duración: 60 m.

Dirixida a: público en xeral.

Neste trimestre, contaremos cunha segunda “Xornada para a comunicación” cuxo tema, poñente, data e horario serán convenientemente difundidos a través da prensa e da nosa páxina web.

Entrada gratuíta

OUTRAS NOVAS

CONVOCATORIA V CONCURSO FOTOGRÁFICO

A convocatoria rexerá a realización deste concurso que, por quinto ano consecutivo, promove o Museo Liste co gallo da celebración do Día Internacional dos Museos.

O tema proposto para este ano é “**Símbolos da industria de Vigo**”.

CONVOCATORIA VI CONCURSO DE RELATOS PARA NENOS E NENAS

Promovido polo Museo Liste de Vigo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas.

Este ano o tema proposto será: “**Contos do mar**”.

CO TEU CAN

Visitas guiadas nas que acudir acompañado do teu can.

Datas e horarios: mércores 11 e 25 de abril ás 17:30 h.

Unha das
fotografías
gañadoras na
anterior
convocatoria.

Autor: Jorge
Calderón González



As bases íntegras
destas convocatorias
figuran publicadas na
nosa páxina web
(www.museoliste.org)

É necesaria a
inscrición
previa.

Prazas
limitadas.



CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL (C.A.T.)

CURSOS

PASAMANERÍA

Iniciación á pasamanería tradicional. Os participantes adquirirán destrezas básicas para a confección de greclas (cintas decoradas con pedrería para a decoración de roupa tradicional)

A metodoloxía intercalará explicacións do docente coa confección de pequenas mostras por parte do alumnado.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT)

Dirixido a: público en xeral.

Duración: 12 horas(4 sesións de 3 h/sesión)

Datas e horarios: 9, 16, 23 e 30 de maio de 17:00 a 20:00 h.

Nº de prazas: 10 .

Prezo: 10 euros/persoa (inclúe material).

Docente: Rafael González Goyanes. Artesán téxtil.

CESTERÍA EN COLMO

Acción formativa na que os alumnos/as se iniciarán na cestería en palla (colmo) e na técnica de cosido en espiral.

O curso constará dunha introdución teórica e clases prácticas.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT)

Dirixido a: público en xeral.


Duración: 12 horas (4 sesións de 3h/sesión).

Datas e horarios: m 4, 5, 6 e 7 de xuño de 17:00 a 20:00 h.

Nº de prazas: 10.

Prezo: 10 € persoa (inclúe material).

Docente: Rubén Berto Covelo. Mestre artesán cesteiro.



A inscrición e pago dos cursos realizaranse na recepción do Museo Liste por rigoroso orde ata completar prazas.

**Prazo de inscrición:
do 5 ao 20 de abril**



INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1€ menores de 12 anos, 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuito: menores de 6 anos; Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

repcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org